

SEGUNDA REPÚBLICA FIN DA REPÚBLICA

A FRENTE POPULAR (FEBREIRO – XULLO DE 1936)

- Ante as noticias da sublevación Casares Quiroga, Presidente do Goberno emite una mensaxe tranquilizadora e cesa aos sublevados, así como a disolución das tropas ao seu mando ou os apoiasen
- As medidas teñen un efecto negativo: abandono dos cuarteis de moitos soldados.
- A República queda cun exército moi reducido.
- As forzas sociais piden armas, pero Casares Quiroga négase. Incapaz de controlar a situación dimite.
- Azaña forma un **Gabinete de conciliación**, presidido por Martínez Barrio que fracasa no intento de negociación cos militares rebeldes. Dimite. Azaña nomea a Xosé Giral presidente do Goberno, decidido a afrontar a sublevación e decide entregar armas ás organizacións proletarias, aínda co risco de que estas impuxesen a revolución.

G
O
L
P
E
R
E
S
T
A
D
O

G
U
E
R
R
A
C
I
V
I
L

RAZÓNS DA SUBLEVACIÓN (Bandos enfrontados)

GOBERNO DAS REPÚBLICA E FRENTE POPULAR:

Era una rebelión contra a orde legalmente establecida e contra as reformas reiniciadas en febreiro de 1936

BANDO A FAVOR DA REPÚBLICA

- A maioría dos xenerais do exército de Terra
- A mariñeiría
- A aviación
- A Garda de Asalto
- As masas obreiras das cidades industriais
- Os xornaleiros do Sur da Península
- A pequena burguesía urbana

SUBLEVADOS

Definida como un *Alzamiento Nacional* co apoio espontáneo popular e cívico-militar, protagonizado polos defensores da relixión, da unidade da patria e da propiedade privada

BANDO A FAVOR DOS SUBLEVADOS

- Oficiais intermedios do exército de Terra
- Garda Civil, agás en Barcelona
- Masas católicas e conservadoras (CEDA, monárquicos, carlistas, falanxistas)
- Pequenos e medianos propietarios agrícolas

A Igrexa apoiou, cualificando o movemento como unha cruzada contra o comunismo e en defensa da fe católica, da tradición, da orde social. Inclusive o Papa Pío XI considerou aos sublevados como heroes cristiáns fronte aos salvaxes republicanos

TRAZOS XERAIS DA GUERRA CIVIL: Considerouse un antecedente da 2ª Guerra Mundial polas súas implicacións políticas e polos trazos que a caracterizan:

1. **Guerra ideolóxicas:** entre fascismo e democracia, entre civilización cristiá e comunismo
2. **Implicou a toda a poboación** pois participaron todos os sectores da sociedade, no bando nacional o exército foi a columna vertebral da contenda, e no bando republicano foron as organizacións obreiras as que canalizaron a mobilización popular.
3. **Presenta trazos de combate social e de loita de clases** (obreiros contra patróns; xornaleiros contra grandes propietarios)
4. **Mestura de formas de loita arcaicas** (trincheiras, combate corpo a corpo...) **con outras novas** (tanques blindados, bombardeos...)

INTERNACIONALIZACIÓN DO CONFLICTO: Implicou reaccións internacionais inmediatas, tanto os gobernos como a poboación tomaron partido por un dos dous bandos.

- A República pediu axuda a Francia
 - Franco e Mola a Hitler e Mussolini
 - Para evitar que se convertese nun conflito internacional, as principais nacións acordaron en Londres **non tomar parte no conflito e constituír un Comité de Non Intervención** (1-8-1936). Polos acordos prohibíase enviar armas e homes a ningún dos dous bandos.
 - Alemaña e Italia non cumpriron o acordo e prestaron, desde o primeiro momento, axuda enviada a través de empresas privadas:
 - Alemaña: Lexión Cóndor que bombardeou posicións republicanas
 - Italia: Camisas Negras
 - Portugal: facilitou o paso de armas e víveres, enviou 10.000 homes (viriatos)
 - EE.UU non impediu a saída de armas e petróleo para os dous bandos a través de empresas privadas, e favoreceu a axuda de voluntarios
 - O bando republicano contou co axuda das **Brigadas Internacionais** e de:
 - Francia (voluntarios e contrabando de armas). A fronteira foi pechada ata 1939
 - México: enviou armas. Rematada a guerra acolleu a republicanos exiliados
 - Unión Soviética: armas e especialistas. Acolleu nenos de familias republicanas (os nenos da guerra)
- Gran Bretaña foi a máxima defensora da Non Intervención, a sabendas de que nin Alemaña, nin Italia cumprirían

GOBERNOS REPUBLICANOS ATA A FIN DA GUERRA
Xosé Giral / Francisco Largo Caballero / Xoa Negrín
GOBERNO REPUBLICANO NO EXILIO

A ESPAÑA FRANQUISTA (1939 1975)